

## NOTA INFORMATIVA RELATIVA Á COTIZACIÓN A MUFACE E DEREITOS PASIVOS NO MES DE DECEMBRO 2012 DO PERSOAL INCLUÍDO NO RÉXIME ESPECIAL DE FUNCIONARIOS CIVÍS DO ESTADO.

En relación á cota de Dereitos Pasivos e MUFACE, infórmase que conforme o establecido na normativa de aplicación, o importe desta cota determínase aplicando ao haber regulador o tipo porcentual do 3,86% e 1,69% respectivamente, dividindo o resultado entre 14. A cota mensual correspondente á MUFACE é de 47,27 € e á de Dereitos Pasivos é de 107,96 €.

Nos meses de xuño e decembro abóase cota dobre, na práctica habitual unha cota descontábase na paga ordinaria e a outra na extraordinaria de ditos meses.

O Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, *de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade*, polo que se suprime a paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 ao persoal do sector público, non introduciu modificación respecto ao aboamento dobre das referidas cotas no mes de decembro.

Atendendo ao anterior, comunícase que no recibo da nómina ordinaria do mes de decembro de 2012, o desconto da cota MUFACE e Dereitos Pasivos que se viña efectuando na paga extraordinaria, figurará como “Exceso pagamento mes anterior”, coa contía de 155,23 € (107,96 €+ 47,27 €).

No caso do profesorado P.D.I. funcionario incorporado a partir do 1 de xaneiro 2011, non incluído no réxime de Clases Pasivas do Estado, figurarlles como “Exceso pagamento mes anterior” na contía de 47,27 €, correspondente á cota MUFACE.

Para máis aclaración pregamos dirixirse ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais no teléfono 986 813578 ou por medio do correo electrónico [consultanomina@uvigo.es](mailto:consultanomina@uvigo.es).